

**APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN, EN SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 17/08/2000, SESIÓN Nº.: 07/2000**

ORDENANZA REGULADORA DOS SERVICIOS FUNERARIOS MUNICIPAIS.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-O Cemiterio Municipal de Bóveda é un ben de uso público de propiedade e titularidade municipal.

Artigo 2.-Correspóndelle ó Concello a súa administración e mantemento.

Artigo 3.-Correspóndelle as empresas de servizos funerarios a condución dos cadáveres, restos cadavéricos, criaturas abortivas ou membros procedentes de amputacións ata a súa entrega o persoal do cemiterio para a súa inhumación.

Artigo 4.-Os ministros ou representantes das distintas confesións relixiosas poderán dispor o que crean mais convinte para a celebración dos enterros dacordo coas súas normas, sempre dentro do respecto debido os defuntos.

TÍTULO II

DAS INSTALACIÓNS DO CEMITERIO E DA SÚA UTILIZACIÓN

CAPÍTULO 1

Dos lugares de enterramento

Artigo 5.-Sepulturas.-Son os lugares adicados a inhumación de restos humanos: cadáveres, restos cadavéricos, criaturas abortivas, membros procedentes de amputacións e cinzas.

Poden ser de catro tipos:

a) **Nichos subterráneos:** en agrupacións de dous ou tres ocos cunhas dimensións mínimas por oco de: 0,75 metros de largo, 0,65 metros de alto e 2,40 metros de profundidade. Entréganse polo Concello xa preparadas para a súa utilización, agás as lápidas e os adornos que se lle queiran engadir, os que se adquirirán ou colocaran, previa autorización do Concello, por conta do titular da concesión ou arrendamento.

O Concello reservará ocos suficientes nos nichos subterráneos para a inhumación de cadáveres para aquelas persoas que carecendo de calquer tipo de concesión ou arrendamento de sepultura, sexa obrigado a facelo, cal é o caso por exemplo de pobres de solemnidade, descoñecidos que faleceran no término municipal ou as que proveñan de orde da Autoridade Xudicial.

b) **Nichos aéreos (PANTEÓN):** O concello adxudicará en concesión parcelas de vinte metros cadrados nas que se poderán construír ata un máximo de seis ocos en superficie, das mesmas dimensións que os do apartado anterior, dentro de edificación pechada.

Para dita construción precisarase da aprobación do correspondente proxecto técnico polo Concello. En calquera caso estarán retranqueados 0,50 metros por cada lateral e a súa altura de cornisa é de cumieira nunca superará os tres e catro cincuenta metros, respectivamente. O revestimento dos paramentos exteriores serán de pedra.

c) **Columbarios:** Dun ou dous ocos, cunhas dimensións mínimas por oco de. 0,40 metros de largo, 0,40 m. de alto e 0,60 metros de profundidade, neles depositaranse as urnas de cinzas.

Ocuparán sempre un oco superior das agrupacións dos nichos subterráneos; e polo que se refire a colocación de lápidas e adornos estarase ó disposto no apartado a) deste artigo.

d) **Osario xeral:** O Concello reservará ocos suficientes nos nichos subterráneos para o depósito,

en caixas de restos, dos restos cadavéricos /que se soliciten polas persoas que estén lexitimadas para elo, ou os procedentes de cadáveres de pobres de solemnidade ou de descoñecidos, e sempre en calquer caso, parados cinco anos dende a súa inhumación salvo que exista autorización en contrario da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, ou mandato de Autoridade Xudicial.

Unha vez depositados os restos cadavéricos en caixas de restos no Osario Xeral non poderán ser reclamados.

O Concello poderá autoriza-lo seu uso con finalidades pedagóxicas.

CAPÍTULO 2

DO RESTO DE INSTALACIÓNS

Artigo 6.-**Depósito de cadáveres.**-É o lugar intermedio entre o domicilio mortuorio e o destino final dos cadáveres, restos cadavéricos, criaturas abortivas ou membros procedentes de amputacións, sen relación deles.

Artigo 7.-**Velatorio.**-Lugar para a exposición de cadáveres.

Artigo 8.-**Capela.**-Para a práctica do culto dos membros de distintas confesións relixiosas.

Artigo 9.-**Forno Incinerador de residuos.**-Para a eliminación de madeiras, roupas e útiles, e demais residuos procedentes da evacuación e limpeza das sepulturas.

Artigo 10.-**Servicios Sanitarios Públicos.**-Permanecerán abertos unicamente durante a celebración de VELATORIOS, e con ocasión dos enterros, unha hora antes e unha hora despois da inhumación do cadaver.

Artigo 11.-**Almacén.**-De utilización exclusiva polo persoal de mantemento do Cemiterio.

TÍTULO III

DA INHUMACIÓN, EXHUMACIÓN E TRANSPORTE DE CADÁVERES, RESTOS CADAVÉRICOS, CRIATURAS ABORTIVAS OU MEMBROS PROCEDENTES DE AMPUTACIÓNS, NO CEMITERIO.

CAPÍTULO 1

Da Inhumación

Artigo 12.-**Dos prazos e requisitos legais.**

a) Deberá realizarse unha vez obtidas a Certificación Médica e a licencia de enterramento, despois das vinte e catro horas do falecemento e antes das coarenta e oito horas posteriores ó mesmo.

b) Nos casos en que previamente se practicase a Autopsia ou se obtivesen órganos para transplantes poderá autorizarse a Inhumación antes de que transcurran as vinte e catro horas do falecemento.

c) Cando existan razóns sanitarias que así o aconsellen, persoas falecidas por causa radioactiva ou infecciosa, e dacordo coa Autoridade Sanitaria competente, a Inhumación poderase levar a cabo de xeito inmediato.

d) Os cadáveres, restos cadavéricos, criaturas abortivas ou membros procedentes de amputacións ós que non se lle teña que practicar a Inhumación inmediatamente a súa chegada o Cemiterio, serán conducidos ó DEPÓSITO DE CADÁVERES ou ó VELATORIO, segundo proceda.

e) Para levar a cabo unha inhumación en sepultura que conteña restos cadavéricos que precisen ser retirados, esta operación faráse por persoal do Concello previa solicitude escrita nese senso do titular da Concesión ou Arrendamento, e na súa presenza ou de persoa en quen delegue.

f) As inhumacións no Cemiterio Municipal faránse sen ningún tipo de discriminación por razóns de confesión, raza, ou de calqueira outra índole.

Artigo 13.-**Dos Trámites Administrativos.**

a) A Empresa de Servicios Funerarios acompañará a súa solicitude de Inhumación ós

documentos seguintes.

-Título funerario habilitante ou resguardo de habelo solicitado.

-Solicitud de enterramento, e do uso do depósito de cadáveres ou velatorio, se fose o caso.

-Autorización Xudicial, se fose necesaria.

b) A vista da documentación presentada o Concello expedirá, si procede, a licencia de Inhumación e a cédula de enterro na que se farán constar o nome e apelidos do defunto, a data e hora da defunción, a data e hora do enterramento, e si o cadáver vai a ir ou non ó depósito de cadáveres ou ó velatorio; todo elo previo pago das taxas que correspondesen.

CAPÍTULO 2

Da Exhumación

Artigo 14.- **De cadáveres.**-Non se levarán a cabo salvo que sexan autorizadas pola Autoridade Sanitaria competente, ou ordeadas por Autoridade Xudicial.

Artigo 15.-**De restos cadavéricos.**-Serán autorizadas, mediante escrito, polo titular da concesión ou arrendamento.

Artigo 16.-Enténdese, ós efectos do disposto nos dous artigos precedentes que CADAVER é o corpo humano durante os cinco primeiros anos seguintes a morte, computados estes dende a inscrición da defunción no Rexistro Civil, e RESTOS CADAVERICOS ó que queda dese corpo humano pasados eses cinco anos.

CAPÍTULO 3

Do transporte de cadáveres ou restos cadavéricos.

Artigo 17.-**De cadáveres.**-Si é para a súa reihumación no propio cemiterio farase utilizando féretro común, si é para facelo noutro cemiterio empregarase arcón de traslado.

Artigo 18.-**De restos cadavéricos.**-Utilizando caixas de restos.

TÍTULO IV

DOS DEREITOS FUNERARIOS. DA SÚA ADQUISICIÓN, TRANSMISIÓN E PÉRDA

CAPÍTULO 1

Da súa adquisición

Artigo 19.

A) **Da titularidade de concesións ou arrendamento de sepulturas.**-As persoas físicas adquirirán a titularidade de concesións ou arrendamento de sepulturas mediante solicitud ó Concello e pago das taxas correspondentes.

Nas solicitudes aparte das especificacións sobre o tipo de dereito que pretenden, concesións ou arrendamento, e tipo de sepultura, as persoas físicas farán constar a relación de posibles beneficiarios, usuarios dos mesmos, ó longo do tempo de duración da concesión ou arrendamento.

Artigo 20.-As concesións de sepulturas terán unha duración de setenta e cinco anos contados a partir da data da súa aprobación polo Concello, prorrogables por unha soa vez, o seu vencemento por un período de vinte e cinco anos, ó seu remate o titular do dereito ou persoa con interese lexítimo debidamente acreditado a criterio do Concello, podera solicitar nova concesión da mesma sepultura, sobre a que terá preferencia, quedando a disposición do Concello de non facela.

Artigo 21.-Polo que se refire a arrendamento de sepulturas, faranse por períodos de cinco anos, ata totalizar un máximo de vinte e cinco; momento no que o titular do dereito poderá optar por:

a) solicitar concesión sobre a mesma sepultura, sobre a que terá preferencia, neste caso non terá dereito a prórroga da que se fai referencia no artigo anterior.

b) non solicitala, co que pasaría a disposición do Concello.

Artigo 22.-As concesións ou arrendamentos de sepulturas inscribíranse no Libro de Rexistro do Cemiterio Municipal e acreditaráanse mediante a expedición do oportuno Título no que se farán consta-los datos do titular do dereito; relación de posibles beneficiarios, usuarios do mesmo, o seu tempo de duración; identificación da sepultura sobre a que se adquire o dereito e datos do acordo municipal da súa aprobación.

Artigo 23.-As concesións ou arrendamentos que se concedan implican somentes o uso das sepulturas polo tempo de duración dos mesmos, pois a súa titularidade dominical corresponde ó Concello.

Artigo 24.-As sepulturas consideranse bens fora de comercio; en consecuencia non poderán ser obxecto de compraventa, permuta ou transacción de ningún tipo.

Artigo 25.-Si durante os cinco últimos anos anteriores o vencemento do dereito funerario, na sepultura obxecto do mesmo, se levase a cabo algunha Inhumación, elo daría lugar dacordo co disposto no artigo 13 automaticamente, a unha prórroga excepcional en dito vencemento, ata ter cumpridos os cinco anos dende a mesma; quedando en calquera caso prohibidas novas inhumacións neste tempo engadido despois da data de vencemento.

Da adquisición de dereitos para o uso das outras instalacións no Cemiterio.

Artigo 26.-Polo que respeta os dereitos a utilización da Capela, e do forno incinerador de residuos, será autorizado o seu uso ós titulares de dereitos funerarios, previa solicitude e pago da taxa que proceda.

CAPÍTULO 2

DA SÚA TRANSMISIÓN

Artigo 27.-Ó falecemento do titular dun dereito funerario terán dereito a transmisión o seu favor, polo tempo que reste ata o seu vencemento, os beneficiarios que él designase, e pola mesma orde.

CAPÍTULO 3

DA SÚA PERDA.

Artigo 28.-Decretarase a caducidade do dereito funerario coa reversión da correspondente sepultura ó Concello nos seguintes casos:

- a) Por falecemento do titular sen existencia de beneficiarios.
- b) Por desestimento da sepultura; considerando como tal que transcurrido un ano dende a morte do titular do dereito funerario á persoa a quen correspondese a transmisión do dereito, e logo de ser requerida para elo, non o instase a seu favor.
- c) Por falla de pagamento das pertinentes taxas dentro dos prazos correspondentes.
- d) Por renuncia expresa do titular do dereito ó mesmo.
- e) Por evidente abandono na conservación da sepultura que a leve a ser declarada en estado de ruina despois da tramitación do oportuno expediente, con audiencia do titular do dereito.

TÍTULO V

DA SÚA ADMINISTRACIÓN E MANTEMENTO

CAPÍTULO 1

Da súa administración

Artigo 29.-O Concello na persoa do seu Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, é o responsable directo da boa administración do Cemiterio, e de facer cumpri-lo previsto nesta Ordenanza.

Artigo 30.-O horario de apertura ó público do Cemiterio figurará exposto en lugar visible na súa entrada principal.

Artigo 31.-Non se celebrarán enterramentos fora das horas autorizadas polo Concello.

Artigo 32.-Non se permitirá o acceso de vehículos ó interior do Cemiterio agás ós das Empresas de Servicios Funerarios.

Artigo 33.-As obras que realicen os particulares así como a entrada de materiais para as mesmas, faránse durante o horario de apertura ó público, e necesitarán de autorización municipal.

As obras de carácter artístico ou obxectos que se instalen nas sepulturas requirirán autorización do Concello e revertirán ó mesmo unha vez vencida a concesión.

Artigo 34.-Non se permitirá a entrada o Cemiterio de ningún tipo de animais.

Artigo 35.-O Concello poderá determinar, segundo o seu criterio, que sepulturas pertencentes a persoas ilustres ou benefactores do Municipio, e ás que non lle fose renovada a concesión o seu vencemento, a súa declaración como monumentos de propiedade municipal a xeito de homenaxe póstumo ós mesmos, non susceptible de nova concesión ou arrendamento.

CAPÍTULO 2

DO SEU MANTENIMENTO

Artigo 36.-

a) Das instalacións e espazos comúns.

Levarase a cabo por persoal propio do Concello ou de Empresa que se contrate a tal fin. En calqueira caso deberán de usar uniforme no que figuren claramente as palabras: "Cemiterio Municipal" e "Concello de Bóveda".

b) Das sepulturas de particulares.

Será de responsabilidade dos titulares das concesións de sepulturas o seu mantemento dun xeito digno e acorde co bó uso e a boa estética do Cemiterio.

O Concello poderá requirilos cando se aprecie evidente estado de abandono na súa conservación, e de persistir realizala de forma subsidiaria o seu cargo. Todo elo sen prexuízo do disposto no artigo 27, párrafo e)

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En materias non previstas expresamente nesta ordenanza estarase ó previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza que consta de 36 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.